



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

PDR 2014_2020 DE GALICIA

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Medida 4
Investimentos en activos físicos

Submedida 4.4
Apoio aos investimentos non produtivos
vinculados ao cumprimento de obxectivos
agroambientais e climáticos



Índice

1.	<u>Medida 4. Inversións en activos físicos</u>	2
1.1.	<u>Submedida 4.4. Apoio aos investimentos non produtivos vinculados ao cumprimento de obxectivos agroambientais e climáticos</u>	2
1.1.1.	<u>Que tipo de actuacións se financian?</u>	2
1.1.2.	<u>Quen pode solicitar esta axuda?</u>	3
1.1.3.	<u>Como se outorga a axuda?</u>	4
1.1.4.	<u>Que tipo de gastos se financian?</u>	4
1.1.5.	<u>Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?</u>	4
1.1.6.	<u>Que criterios serán utilizados para a selección?</u>	5
1.1.7.	<u>A canto ascende esta axuda?</u>	5
1.1.8.	<u>Quen xestiona esta axuda?</u>	6
1.1.9.	<u>Marco normativo</u>	6
1.1.10.	<u>Documentos e ligazóns relacionados</u>	7

1. Medida 4. Inversión en activos físicos

Xunto con outras medidas programadas no PDR, o investimento en activos físicos oríentase á mellora da competitividade das explotacións agrarias galegas, así como do sector agroalimentario no seu conxunto. Algúns dos apoios están baseados tanto na modernización da comercialización dos produtos agrarios como no aumento da dimensión territorial necesaria para lograr que os sectores gandeiro e forestal sexan estables e sustentables.

Baixo esta medida a inversión xunto á aplicación horizontal dos criterios de cooperación e innovación e o impulso aos mecanismos de integración da cadea de valor, deberían conducir á mellora dos ratios empresariais. Para iso, a medida estrutúrase en catro liñas de axuda:

- ✓ Submedida 4.1 Apoio aos investimentos en explotacións agrícolas
- ✓ Submedida 4.2 Apoio aos investimentos en transformación/comercialización e/ou desenvolvemento de produtos agrícolas
- ✓ Submedida 4.3 Apoio aos investimentos en infraestrutura relacionada co desenvolvemento, a modernización ou a adaptación da agricultura e a silvicultura
- ✓ Submedida 4.4 Apoio aos investimentos non produtivos vinculados ao cumprimento de obxectivos agroambientais e climáticos

1.1. Submedida 4.4. Apoio aos investimentos non produtivos vinculados ao cumprimento de obxectivos agroambientais e climáticos

Con esta medida apoiarase o desenvolvemento de proxectos para a mellora da paisaxe rural tradicional e os seus elementos representativos e para o mantemento das condicións ambientais necesarias dirixidas á conservación ou recuperación de especies relacionadas co medio agrario e os seus hábitats en zonas da Rede Natura 2000 e outras áreas de alto valor natural.

1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?

En virtude desta medida fináncianse investimentos non produtivos que contribúan a mellorar o carácter de utilidade pública das zonas Natura 2000, como poden ser:

- ✓ Creación de cercados e outras obras necesarias para facilitar a conservación, incluídas a protección das augas e do solo
- ✓ Restauración de humedais e brezais
- ✓ Creación e/ou mellora de cercas, sebes, vexetación de lindeiros e bordos non cultivados

- ✓ Modificación de estruturas existentes para permitir o desprazamento de fauna salvaxe e outras actuacións de mellora da conectividade;
- ✓ Investimentos destinados á preservación da vexetación de ribeira e filtros verdes
- ✓ Eliminación de especies exóticas invasoras;
- ✓ Outras actuacións que contribúan á preservación dos hábitats ou as especies.

Así como investimentos para a mellora da paisaxe rural e o desenvolvemento do seu uso recreativo, como:

- ✓ Restauración de muros de mampostería e cachotería
- ✓ Mellora de camiños rurais e accesos ás fincas
- ✓ Creación de rutas e áreas recreativas
- ✓ Sinalizacións de camiños
- ✓ Recuperación de elementos tradicionais da paisaxe rural
- ✓ Ademais das actuacións expresamente descritas, poderanse incorporar á medida durante o programa outras accións directas ou indirectas propostas no Marco de Acción Prioritaria para a Rede Natura en España que contribúan á xestión da Rede Natura 2000.

1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?

- ✓ Tal e como se articula a axuda, os posibles beneficiarios da mesma serán:
- ✓ A Administración autonómica para aquelas actuacións promovidas directamente baixo a súa iniciativa
- ✓ Agricultores e titulares de terreos forestais privados, entendendo por titular tanto a persoas físicas ou xurídicas propietarias ou arrendatarias, preferiblemente residentes no medio rural, ou xestores de terras ou xestores de terras que realicen investimentos non produtivos necesarias para alcanzar os compromisos adquiridos baixo programas agroambientais ou outros obxectivos ambientais, ou aqueles que realicen investimentos nunha explotación que reforce o carácter de utilidade pública dunha zona Natura 2000 ou outras áreas de alto valor natural
- ✓ Os concellos na súa condición de xestores de elementos comúns da paisaxe agraria poderán ser considerados beneficiarios desta medida
- ✓ Igualmente as asociacións medioambientalistas e de custodia do territorio que sexan propietarias ou arrendatarias de terras agrícolas incluídas en áreas elixibles

1.1.3. Como se outorga a axuda?

A axuda articularase en dous formatos:

- ✓ Investimento directo para aquelas actuacións levadas o cabo pola Administración autonómica ou os seus entes instrumentais
- ✓ Subvencións en concorrencia competitiva

1.1.4. Que tipo de gastos se financian?

Incluíranse como gastos elixibles aqueles investimentos materiais ou inmateriais, destinados á mellora e conservación dúas espazos de alto valor natural e/ ou Rede Natura 2000, incluídos os investimentos para a mellora de camiños rurais e/ ou accesos ás leiras.

En particular, os investimentos inmateriais poderán incluír os gastos xerais directamente vinculados, como honorarios dous técnicos e asesores que elaboren os proxectos, permisos ou licenzas.

Excluíranse os gastos de escaso interese para lograr os obxectivos perseguidos ou non axustados no seu dimensionamento e capacidade á superficie sobre a que se actúa. Tampouco se subvencionarán os investimentos que substitúan a outros financiados anteriormente por Feader nos que aínda non pasasen 5 anos desde a súa realización, así como os investimentos en reforma de infraestruturas cuxa construción ou adquisición fosen subvencionadas anteriormente por Feader nos que aínda non pasasen 5 anos desde a súa execución.

Estableceranse custos de referencia con límites máximos admisibles para os gastos relativos á construción de infraestruturas. Non serán subvencionables os custos de mantemento ou funcionamento.

1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?

Consideraranse elixibles as actuacións realizadas en áreas incluídas en espazos protexidos Natura 2000 ou de alto valor natural, nos que se realizan investimentos para reforzar o seu carácter de utilidade pública; áreas vinculadas coa consecución de obxectivos agroambientais para alcanzar os obxectivos de conservación ou doutros programas ambientais. Para os efectos desta submedida, consideraranse zonas de alto valor (ZAVN) ademais dos espazos declarados LIC, ZEC ou ZEPA, as superficies incluídas no inventario de Áreas Importantes para a conservación das aves en España (inventario IBA), os espazos propostos para a súa inclusión na Rede Natura 2000, as zonas consideradas como prioritarias ou de presenza en estratexias ou/e plans aprobados de conservación ou de recuperación de especies catalogadas, zonas que se incluíron nun proxecto LIFE + nas que sexa necesario desenvolver

accións complementarias que dean continuidade ao proxecto, zonas inmediatamente limítrofes con Natura 2000 cando as actuacións repercutan de forma directa sobre o espazo Natura 2000 e outras zonas de alto valor natural como as Reservas da Biosfera. No caso de subvencións, consideraranse elixibles as actuacións fóra de Rede Natura cando fosen expresamente definidas na convocatoria de axudas.

En ningún caso se financiarán actuacións en solo forestal que estean previstas na medida do artigo 25 do Regulamento (UE) 1305/2013. Tampouco serán elixibles os gastos de restauración de elementos do patrimonio histórico nin os arqueolóxicos.

Todas as actuacións serán inspeccionadas con carácter previo á súa execución polos servizos de conservación da natureza e autorizadas pola autoridade de Natura 2000, que emitirá un informe sobre os efectos ambientais das actuacións impoñendo condicións de execución que garantan que non se producirán danos sobre os valores para protexer e denegando aquelas actuacións que previsiblemente poidan causar danos ao espazo.

1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?

Aplicaranse criterios de selección de maneira obrigatoria, mesmo nos casos en que o orzamento dispoñible sexa superior á demanda de financiamento. Os criterios de selección deberán estar claramente definidos antes do inicio do proceso. En xeral, para cada criterio de selección outórganse puntos e a puntuación total da aplicación debe ser a suma dos puntos de todos os criterios de selección que se satisfagan. Fixarase un certo limiar mínimo de puntos que debe alcanzar unha solicitude para acceder ao financiamento. Entre outros, poderán referirse a:

- ✓ Zonificación establecida no Plan Director Rede Natura 2000
- ✓ Condición agraria do solicitante
- ✓ Risco de despoboamento e envellecemento da zona
- ✓ Demanda social
- ✓ Coparticipación de axentes locais
- ✓ Posibles sinerxías que se xeren na zona

1.1.7. A canto ascende esta axuda?

A axuda será do 100% do investimento subvencionable.

1.1.8. Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda está xestionada pola Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas e pola Subdirección Xeral de Espazos Naturais da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

1.1.9. Marco normativo

- ✓ Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres
- ✓ Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas
- ✓ Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres
- ✓ Regulamento (UE) Nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns ao FEDER, FSE, Fondo de Cohesión, Feader e FEMP
- ✓ Regulamento (UE) Nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Regulamento (UE) Nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre financiamento, xestión e seguimento da PAC
- ✓ Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- ✓ Lei 42/2007, de 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade. Lei 9/2001, do 21 de agosto de conservación da natureza
- ✓ Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- ✓ Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico
- ✓ Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- ✓ Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que trasponse ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014

1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados

- ✓ Sistema de información ambiental de Galicia - Siam (Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio)
<http://siam.xunta.gal>
- ✓ Información xeral de Rede Natura 2000 (Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio)
http://www.cmati.xunta.es/seccion-organizacion/c/DX_Conservacion_Natureza?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Espazos_protexidos/seccion.html&sub=Rede_natura_2000/
- ✓ Inventario de Humedais de Galicia (Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio)
<http://siam.xunta.gal/mapa-de-humedais>
- ✓ Decreto 9/2014, do 23 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de conservación da pílara das dunas (*Charadrius alexandrinus* L.) en Galicia
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140131/AnuncioCA02-270114-0002_gl.html
- ✓ Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. *subsp. lusitanica* Steinbacher) en Galicia
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2013/20130530/AnuncioCA02-230513-0004_gl.html
- ✓ Decreto 70/2013, do 25 de abril, polo que se aproba o Plan de recuperación do sapoconcho común (*Emys orbicularis* L.) en Galicia
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2013/20130513/AnuncioCA02-020513-0008_gl.html
- ✓ Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia
http://cmaot.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=157898&name=DLFE-35497.pdf
- ✓ Marco de Acción Prioritaria para a Rede Natura 2000:
<http://prioridadrednatura2000.es/descargas/documentos>
- ✓ Información sobre infraestruturas no medio rural (Consellería do Medio Rural)
<http://mediorural.xunta.gal/areas/infraestruturas/presentacion/>
- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.4.3.4 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020